

Comentarios postos no blog do Sánchez Cantón no curso 2012-2013

Quen matou a Inmaculada de Silva?

É un libro que me gustou moito pois é moi entretido e paréceme moi ameno. Ten unha temática amorosa e tamén política pois nalgúns capítulos critican o sufrimento que padecían todas as persoas que vivían nos tempos de posguerra. Por outra banda a estrutura non me gustou tanto pois, sobre todo nos primeiros capítulos mestura o tema da vida de Etelvina (onde vivía, a historia dos seus pais falecidos, etc.) e o verdadeiro e máis importante tema, a morte de Inmaculada de Silva e de Antón do Cañote. Tamén me parece que nos capítulos nos que falan as tías avoas de Etel narran a súa vida (no caso de Xeorxina o seu gusto pola caza) pero non narran nada importante sobre esa morte. O libro podería ser moito máis curto pois na maior parte dos capítulos falan do mesmo cunhas moi pequenas variacións. Non me gustou o final pois non din nada novo sobre ..., só comenta as ideoloxías que teñen Etel e os seus amigos pero non se descobre se ... A pesar do final gústame como van explicando as súas opinións xa que a medida que ti vas lendo o libro vaste facendo as túas propias ideas de como transcorrería a morte e porque ti cres que pasou. Os capítulos que máis me gustaron foron nos que fala Eusebia (a criada de Inmaculada) porque son aqueles nos que se descobre a maior parte do transcorrido aquela noite, xa que foi a que mellor puido ver o que pasou. A parte que menos me gustou foi o principio pois ata que conseguín chegar ata a metade do libro non fun capaz de entender ben a historia xa que mestura todo, por exemplo nun capítulo acaba falando de que as súas tías avoas despois da cea vanlle contar a súa opinión do ocorrido e ata dentro de dous capítulos non segue con aquela versión de Xeorxina e Ana Luz. A miña personaxe favorita é Etel pois é a protagonista e grazas a ela se comeza a investigar a morte de Inmaculada. Segundo a meirande parte da xente que coñecía a Ada parécese moito a ela, aínda que no libro di que non é tan guapa como era ela. De maior quere ser escritora é o consegue pois este libro está escrito por cousas que naqueles tempos escribira no seu diario. O personaxe que menos me gustou é o carpinteiro Ramón pois paréceme moi machista e que só pretendía protexerse así mesmo, vai de valente pero non o é. Non sabe gran cosa sobre a morte pero inventa moito e, como di que o Cañote é un heroe, pensa que Inmaculada é a culpable de todo, por iso non me gustou nada a súa forma de ser e actuar. A conclusión é que me gustou, a pesar dalgunhas partes nas que non se expresa moi ben e non fun capaz de entender ata o final, é moi entretido, lese moi rápido e o recomendo. (**Patricia**)

Este libro narra a historia de dous asasinatos que foron o mesmo día e case á vez, o de Antón do Cañote e o de Inmaculada de Silva. A Antón do Cañote considerábano un heroe e Inmaculada era una rapaza da burguesía, membro dunha familia importante. Morreron os dous na casa da Braña, no patio concretamente, pero non se sabía nin como nin por que exactamente. Entón Etelvina de Silva, familiar de Inmaculada, decide investigar. Etel é una rapaza orfa, a súa nai morreu e non coñece ao seu pai. Xunto coa axuda da súa curmá Catara e de Juancho, un rapaz da súa clase que lle gusta, descobre o que pasou a noite da morte da súa parente e de Antón do Cañote. Tamén o consegue grazas á axuda de Ramón, unha testemuña, e grazas a Eusebia, outra testemuña que coñecía moi ben a Inmaculada. Ao final descúbrense que ... Contan dúas teorías que explican por que Inmaculada quereda facer iso. Unha consiste en que ... A outra conta que Inmaculada fixo iso porque.

Pareceume un libro bastante entretido e gustoume moito, xa que é moi intrigante, aínda que ás veces un pouco confuso. En ocasións cambia de tema de socato e céntrase moi pouco no asasinato, entón despois vólvese confuso e faise un pouco pesado. Pero a parte diso é moi misterioso e deixa que a imaxinación do lector elixa o que realmente ocorre. Ademais leva moi pouco tempo lelo e paréceme un libro moi interesante. (**Marta**)